



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Necesidade de aprobación de transferencias e declaración do Entroido de Xinzo como "Festa de Interese Turístico Internacional"»
Data	30 de novembro de 2018
Duración	Desde as 17:05 ata as 17:44 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	MANUEL CABAS LOPEZ
Secretario	Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
34961770E	EVA ORO VILLARINO	SÍ
44451990M	FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SÍ
34374297S	ISIDORO SANCHEZ BLANCO	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
76716532D	LUIS MIGUEL GIL PENIN	SÍ
46506299T	MANUEL CABAS LOPEZ	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS	SÍ
76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA	NON
44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ

Asiste a Interventora municipal **dona Mónica Legaspi Díaz** e a Adxunta a Secretaría **dona M.^a Dolores Fernández Salgado**.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día **05/11/2018**.

Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida**.

Expediente 7557/2018. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº 21

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 3, Abstencións: 5, Ausentes: 0

O **Sr. Alcalde** cede a palabra á Sra. **Interventora dona Mónica Legaspi Díaz**, a que se remite ó exposto na **Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda** do día 27/11/2018, se ben advirte a existencia dun erro que foi detectado polo portavoz do Grupo Mixto no que atinxe ó crédito dispoñible na partida de vías públicas (PMS) na que constaba como dispoñible unha contía de 62.750,00 €, cando en realidade debería figurar 23.614,00 €, dado que a contía restante foi disposta no seu momento para a execución dun proxecto de obra.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

O **Sr. Alcalde** da paso á **primeira quenda de intervencións.**

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez Suárez** para dicir que pese a que en Comisión informativa se deu unha explicación técnica por parte da Interventora para xustificar esta transferencia, coa que está de acordo, sen embargo considera que non existe xustificación política para levala a cabo, e dado que a mesma ó realizarse a final de ano é un exemplo da mala xestión do grupo de goberno. Ademais quere manifestar que o seu grupo municipal non está de acordo en que a reposición do Patrimonio Municipal do Solo, que debe realizarse nun prazo de dez anos segundo o acordado polo pleno no seu día, se xustifique mediante a realización de obras deste tipo, pois ó seu criterio o que se debería facer é comprar máis patrimonio, porque do contrario, as futuras corporacións non terán recursos. Remata a súa intervención anunciando a abstención.

O **Sr. Manuel Pérez Campos** intervén para indicar que nos atopamos ante outro dos despropósitos do grupo de goberno, dado que o 5 de novembro tróuxose ao plenario unha modificación na que se transferiron 75.000,00 € da partida de investimento para gastos correntes e agora, no presente plenario, tráese outra modificación para facer obras nas "Casas Baratas" de S. Sebastián. Neste eido sinala que a presente transferencia débese a que o grupo de goberno sabe que ten as eleccións perdidas e por iso atópase na necesidade de realizar obras para recuperar a un electorado cada vez máis revoltado. Asemade saliente o feito de que con esta transferencia a partida de atencións benéficas vai quedar a "cero" cando o pasado día 6 xa alertou de que hai unha familia vivindo nunha furgoneta a carón do pavillón, e sen embargo ata o día de hoxe non se fixo ningunha actuación por parte do Concello, polo que non pode estar de acordo con que, existindo este tipo de necesidades, se dean de baixa 70.000 euros destinados nun principio a asistencia benéficas para invertelos noutros fins, máxime cando noutros casos semellantes déuselle por parte do grupo de goberno a posibilidade dun teito, motivos todos eles polos que anuncia o seu voto en contra.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** manifesta que o que se trae ó plenario é unha modificación prevista na lexislación. Expón ademais que por medio desta transferencia se minoran dúas partidas importantes como son o fondo de continxencia e as asistencia benéficas, para a realización de dous proxectos segundo foi informado en Comisión Informativa. Engade que se ben considera que ambos proxectos son necesarios, gustaríalle saber en que se destinaron os 600.000 € previstos inicialmente no orzamento para inversión. Remata a súa intervención dicindo que dende o grupo socialista consideran que o proxecto do grupo popular está esgotado, pois traballan "sobre a marcha" actuando no momento en que os grupos da oposición lles poñen de manifesto as necesidades do Concello. Consecuentemente, anuncia a abstención.

O **Sr. Carlos Gómez Salgado** explica que estamos ante unha modificación de crédito contemplada na lexislación e que é incoherente que as partidas queden sen gastar cando existen proxectos pendentes de realización. Engade que a realización destes proxectos responde a unha planificación que hai tempo que estaban previstas e que agora existe a oportunidade de realízalas, sendo ditas obras a da "Humanización do Grupo S.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Sebastián", as obras dun tramo das beirarrúas da rúa Curros Enríquez, as dos vestiarios da Moreira e unha actuación na Casa da Cultura. Insiste en que se trata de obras necesarias e xustificadas cuxa realización require crédito. Para rematar a súa intervención agradece a abstención do grupo socialista, manifesta que o resto dos grupos están a realizar unha campaña interesada e asegura que o seu grupo está a cumprir compromisos.

O **Sr. Alcalde** abre a **segunda quenda de intervencións**.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos** indicando que está de acordo en non deixar partidas sen gastar, pero que posiblemente esta situación se deba a unha mala planificación do orzamento inicial, engadindo que non entende por que dita operación non se trouxo ó pleno pasado do día 5 de novembro de 2018.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** intervén para salientar o feito de que dado que nos atopamos no mes de decembro, os proxectos xa deberían estar como mínimo en marcha, e engade que dado que na comisión informativa non se informou sobre as obras dos vestiarios da Moreira e sobre a que se vai a executar na Casa da Cultura segundo o que acaba de manifestar o portavoz do grupo municipal PP, é polo que solicita copia destes últimos proxectos.

O **Sr. Alcalde** indica que a transferencia de crédito que se trae ao plenario responde a un axuste que se leva a cabo no orzamento para ser máis eficientes, salientando o feito de que na xestión ordinaria do Concello ás veces xorden gastos que non se esperan e que obrigan despois a facer transferencias. Remata a súa intervención indicando que o grupo de goberno non está facendo propaganda electoral coas obras que se van a executar en base á transferencia obxecto do presente punto da orde do día, senón que ditas obras responden á execución dun proxecto que se vai a implementar, advertindo asemade que se contan con máis proxectos os cales serán obxecto de execución cos novos orzamentos.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (7+1, o Alcalde), cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e coa abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), e do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), adoitándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO. *Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 21/2018, coa modalidade de transferencia de crédito, como segue a continuación:*

.- APLICACIONES QUE CEDEN CRÉDITO

Aplicación: 929.500.00 Fondo de continxencia

Importe: 22.000,00 €

Aplicación: 780.480.00 Atención benéficas.

Importe: 63.800,00 €

.- APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO



Concello de Xinzo de Limia

Aplicación: 153.619.00 Vías Públicas (P.M.S)

Importe: 85.800,00.000,0 0 €.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Expediente 5079/2018. SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL DO "ENTROIDO DE XINZO DE LIMIA"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O **Sr. Alcalde** cédelle a palabra ó Sr. portavoz do Grupo Municipal Popular, Carlos Gómez Salgado o cal manifesta que o obxecto do presente punto da orde do día é reiterar a petición efectuada en plenario de data 20/06/2013 a fin de solicitar que se declare o Entroido de Xinzo como Festa de Interese Turístico Internacional, dado que naquel momento a documentación que se achegou no expediente non foi suficiente no que atinxe á repercusión en prensa internacional, o que motivou que tivésemos que levar a cabo un contrato neste eido, e agora co expediente completo volve a traerse ó plenario. Asemade engade que si acadamos dita declaración o concello de Xinzo de Limia será pioneiro neste eido a mesma reportará beneficios económicos para o noso Concello e permitirá conservar o noso entroido e tradición.

O **Sr. Alcalde** da paso á ***primeira quenda de intervencións.***

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez** para reiterar o manifestado en comisión informativa relativo a que a marca "Entroido" é unha marca diferencial e distintiva do noso entroido, motivo polo que debería constar en todas as portadas e nos xornais de promoción internacional en vez de que apareza a palabra "carnaval". Engade que se ben é certo que é bo que veñan visitantes a Xinzo por mor da declaración internacional que se pretende acadar, sen embargo, salienta o feito de que se debe coidar o entroido tradicional, motivo polo que prega que se valore nos actos de celebración o entroido tradicional e que se cuide a asociación "A Pantalla" que defende o mesmo, a fin de non converter esta festa nun botellón, traballando neste eido o concello xunto coa citada asociación para a defensa da antedita tradición. Remata a súa intervención manifestando que xa que o seu grupo votou a favor no ano 2013, tamén votará a favor de seguir adiante.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos** felicitando a Alfonso C. Lois Suárez polo traballo realizado, se ben pon de manifesto, que dado que se leva 6 anos traballando neste asunto é polo que non entende que se teña que traer a un pleno extraordinario. Engade que na orde que regula a declaración de interese turístico internacional exíxese

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

que se coide o entorno urbano e paisaxístico, e neste eido obsérvase unha lagoa no expediente, pois o Barrio de Abaixo está en estado calamitoso e nel pode observarse un local pechado que da "grima" velo, o cableado está ó aire e hai edificios que están a punto de caer, a Vila atópase sucia e os parques pouco coidados, etc.. Asemade fai fincapé na nefasta xestión do entroido levada a cabo nos últimos anos ó permitirse o botellón, esquecéndose a tradición. Do mesmo xeito pon de manifesto que o grupo de goberno non ten reparo algún en gastar diñeiro para acadar a declaración internacional do entroido e, sen embargo, abandona a coroa do entroido que é o Museo do Entroido ó cederlo á Deputación de Ourense, motivos todos eles polos que lle prega ó grupo de goberno que leve a cabo as actuacións necesarias para que o entroido sexa unha festa popular tradicional e non no que se está convertendo. Remata a súa intervención indicando que como os asuntos do presente plenario puideron vir ó anterior pleno ordinario é polo que propón que se renuncie ás dietas do mesmo a bancada da dereita.

Intervén a **Sra. Elvira Lama Fernández** indicando que pasaron cinco anos dende o 2013 cando se enviou a iniciativa ó Parlamento de Galicia e non prosperou porque o expediente estaba incompleto o que denota a falta de preocupación, desgana e desidia e por non falar de que se levan gastado cerca de 50.000,00 € para acadar este fin. Neste momento intervén o Sr. Carlos Gómez indicando que o gasto foi aproximadamente de 26.000,00 €. Segue intervindo a Sr. Elvira Lama indicando que estudou o informe e que este ten abundante fotografía polo que considera que se debe de dar os parabéns a Alfonso Carlos Lois Suárez, matizando que hai certa terminoloxía que non é a máis axeitada para enviar ó Ministerio, por exemplo no plan de emerxencia, que por outra banda o Concello debería de poñer en marcha para evitar unha desgraza no entroido, e no que hai algunha palabra que "chirría" como é o vocábulo "chiringuito", que non resulta moi técnico. Engade que constan no informe numerosas publicacións en xornais internacionais, polo que non entende por que se tardou tanto tempo en levar a cabo este trámite, cando o único que había que facer era enviar anuncios ao xornal correspondente, sen ser preciso que se realizara unha extensa reportaxe que requirise o traslado de periodistas estranxeiros ó municipio. Sen embargo considera que habería que encargar encarecidamente a quen leve a páxina web e ó Concelleiro de Turismo en ausencia da Concelleira de Comunicación que promocionara o carnaval na páxina web, pois do contrario quenes vexan o anuncio en prensa estranxeira e consulten a citada páxina do Concello para ter máis información vanse decepcionar moito. En relación a isto quere destacar que o Concello ten un contrato cunha asociación para actualizar a páxina web, e que este contrato levaba implícita a difusión dun reportaxe fotográfico do entroido e un vídeo para colgar na páxina web, preguntándose se nos atopamos ante un incumprimento contractual habida conta que ditas actuacións non constan executadas. Remata a súa intervención manifestando que votarán a favor, dado que a declaración internacional do entroido pode reverter en algo positivo para o pobo e asemade permitirá manter viva unha tradición, engadindo que de feito o seu grupo fixo a aposta porque se tramite a declaración do entroido como patrimonio da humanidade, e pregando que se corrixa os erros advertidos con carácter previo á remisión do expediente.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Intervén o **Sr. Carlos Gómez Salgado** para dicir que coincide en que esta declaración ten que servir para preservar o entroido e que merece a pena coidalo, sen embargo non está de acordo en que houbera desidia por parte da Corporación nesta materia. Indica que xa se explicou no seu día que non valía repetir países e non se puido continuar co expediente dado que faltaban certificacións, pero como se modificou a lei, xa non é necesario traer os xornalistas, e de feito consta que a empresa adxudicataria asesorouse e que o que agora fixo o Concello foi seguir os modelos doutras vilas que acadaron a declaración internacional. En relación ó manifestado polo Sr. Pérez Campos indica que non comparte a súa visión catastrofista pois as rúas estanse arranxando, como é o caso da rúa da Igrexa, pero o que acontece cos cartos é que non choven do ceo. Admite que todos temos moitas actuacións que facer e anuncia que o seu grupo seguirá traballando no que queda de lexislatura. Por último engade que está traballando para que o entroido sexa declarado patrimonio da humanidade, e que o primeiro paso é que os entroidos de Galicia sexan declarados "BIC" e que existe compromiso de iniciar os trámites para esta finalidade no ano 2019, e remata a súa intervención agradecendo o apoio dos restantes grupos.

O **Sr. Alcalde** da paso á **segunda quenda de intervencións.**

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos** para dicir que o verbo que máis conxuga o grupo de goberno é "estase traballando" pero que logo non acadan ningún resultado, poñendo de exemplo a situación do alumeado do Barrio de Abaixo, que a día de hoxe está sen arranxar.

Intervén o **Sr. Alcalde** indicando que están de acordo no fundamental, pois todos consideran que o entroido é un orgullo, manifesta ademais que o seu grupo está traballando e que presentaron á Xunta de Galicia un proxecto para actuar sobre o Barrio de Abaixo a piques de ser concedido, engadindo ademais que o seu grupo segue esforzándose e que ten moitos proxectos "en carteira", esperando a que chegue o novo orzamento.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros, adoitándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO. Ratificar o acordo plenario de data 20/06/2013, e, xa que logo:

- 1) Solicitar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio do Goberno de España a declaración do Entroido de Xinzo de Limia como Festa de Interese Turístico Internacional en España, ao abeiro da Orde ITC/1763/2006, de 3 de maio.**
- 2) Solicitar da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia o informe favorable previo esixido pola Orde de aplicación, co fin de xuntalo coa documentación a remitir ao Ministerio.**

SEGUNDO. Remitir á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia a documentación requirida no artigo cuarto da Cuarto da "Orden ITC/1763/2006, de 3 de maio, por la que se regula la declaración de festas de interese turístico nacional e internacional" así como a certificación de este acordo, co fin de que a Consellería



Concello de Xinzo de Limia

poida emitir informe favorable a esta solicitude.

TERCEIRO. *Notificar o presente acordo o Concelleiro de Turismo, así como ó Coordinador da Casa da Cultura.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enríquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112